




Eduardo Blanco Amor: intruso, impertinente, imprescindible

Por Suso de Toro

Hai persoas de natureza tan particular que actúan como un reactivo, catalizador, lévedo ou simplemente como un grao de sal. Pode que Eduardo Blanco Amor non pertencese a ningunha desas categorías, que fose máis ben un trasno que causa revoltura na ordenada vida doméstica e deixa a casa cu para arriba. Tratar con Blanco Amor non houbo ser doado, mais foi unha presenza imprescindible.

Foi perturbador. Cando Ricardo Carvalho Calero escribe a súa monumental e admirábel *Historia da Literatura Galega Contemporánea* interrompe o texto, análises demoradas das obras literarias e das intencións de cada autor, e detense a porfiar con Blanco Amor. Éste conseguiu romper a compostura do señor catedrático, faille perder os papeis. Esa estampa das dúas figuras enfrontadas debuxa ben ao Eduardo, o titireiro que descabalga da cátedra á autoridade canónica. Blanco Amor puña medo, era desestabilizador, nacido e fundado el mesmo na inestabilidade descoloca toda orde construída con coidado e esforzo. Ante un bailarín que non para de dar voltas pode pouco o estatismo do árbitro. Ante un insolente descomponse a figura da autoridade.



Ese que leva anos dando voltas pola América irrompe definitivamente no centro desta pista de baile no 1959. Edítase alá en Buenos Aires unha novela galega que detén a música acá. Quen é o intruso, que non estaba previsto? É Eduardito, o ourensán, o fillo dunha florista; o fillo dun hospiciano de Astorga, Víctor Blanco Expósito, o fillo de varios pais, de ninguén, fillo do vento; o meniño lindo perfumado como un paxe para lanzalo ao desclasamento; o mociño amariquitado e presumido, Blancaflor, que se escapuliu da leva do servizo militar na guerra de África e liscou de contrabando no 1919 para Buenos Aires. O que alí andou no acubillo das sociedades galegas, da Federación, sempre a pedir favores, o que volta como corresponsal de *La Nación* pola Galiza e a España dos anos trinta. Ese con xeitos de dandi degoxado tras dos artistas e figuras famosas, o que persegue a García Lorca que seica lle escapa porque non atura as súas maneiras afectadas e, con todo, consegue arrincarlle a edición dos *Seis poemas galegos*.

Ese conferenciante de calquera cousa remunerada, ese que un mes é galeguista e ao seguinte españolista, o discípulo de Risco que tamén é protexido do cacique Bugallal; o pícaro imprevisíbel no que case ninguén fía; o xornalista autodidacta que funda e dirixe revistas dos galegos en Arxentina, *Terra*, *El Despertar Gallego*; o tunante, que un día lle escribe a Manuel Azaña e o outro a Perón. E aí deitou *A esmorga*, que rompe o curso prescrito á literatura galega que estaba a renacer, sen lle pedir permiso a ninguén nin avisar. Nin sequera era cousa esperada polo propio autor, ese autor de versos esforzados e artificiosos, unhas veces en galego e outras en castelán. Ese enredante xa ensaiara a escribir novela antes, *La catedral y el niño*, unha novela decimonónica con meniño, pazo e catedral. Xa apareceu alí a transgresión, a blasfemia. E con todo, ese acto blasfemo non facía imaxinar a baixada ao abismo que é *A esmorga*, o retrato de seres caídos a canear polas rúas da cidade, sempre a mesma Auria, até a queda final. Un libro que tería namorado a Buñuel e a Foucault e que deixa tocada a sensibilidade de quen o le. En *La catedral y el niño* hai unha certa impostación, mais tamén hai unha parte do Eduardiño. N' *A esmorga* están desatados os temores, desexos, rencores do Eduardito, con toda a súa violencia. E tamén o ventre dun Ourense terrible e verdadeiro. O libro está emparentado coas obras da literatura do seu tempo grazas a Blanco Amor ter traballado na Editorial Emecé, ter coñecido aos novos escritores porteños, aos compañeiros das tertulias do Café Tortoni... A vivir en Buenos Aires. Non se tería escrito *A esmorga* baixo o franquismo. Ese libro está hoxe mitificado entre nós, mais segue a ser explosivo, eficaz, brutalmente realista e ao tempo aberto á interpretación e supuxo unha refundación da narrativa galega.

O libro é como o autor, unha provocación que obriga a recoñecer a súa existencia, imponse. Esa insolencia desencadena unha resposta inevitábel, un castigo. A andanza do Blanco Amor é unha danza sadomasoquista, agresión e castigo. Aos tombos, feriu coa súa lingua de subela e foi castigado a un lado e a outro do Atlántico. Pícaro mariquiteiro, autodidacta precisado de protección, condenado ao azar.

Aínda había voltar á súa necesaria e aborrecida Auria noutros dous libros posteriores, *Os biosbardos* e *Los miedos*, libro que disque escribiu primeiro en galego e logo traduciu, asañado polo trato á súa anterior novela. Con *Los miedos* tentou o camiño dun premio en castelán, o Nadal, pero a súa novela foi terceira. Editada por Destino, foi denunciada



ante a censura, a editorial practicamente tivo que escondela. Non, non habería acougo nin abeiro para quen, sendo traballador incansábel, só tiña o seu talento e sobráballe orgullo. Non lle foi dada a prudencia en ningún sentido, desprezábaa; como desprezaba secretamente a tantos varóns prudentes que o condenaban sentenciosamente. Condenado por imprudente, por orgulloso, por atolado, por maricón sen vergoña de selo. Sen dúbida a súa homosexualidade non só aparece na súa obra senón que marcou todos os pasos da súa vida provocadora. Unha vida escandalosamente súa.

De volta coa paga de xubilado arxentino, no ano 65, entre Vigo, Ourense, viaxes a Madrid, Barcelona, a ofrecer artigos á prensa galega, barcelonesa, madrileña, sempre da man de amizades que o recomendan. Que ese can vello consegue ofender a petrucios e cabaleiros, ao seu redor a xente sepárase en bandos como auga e aceite, e non só ten todos eses inimigos que ve e imaxina, tamén esperta a admiración e a protección de moitos, unha rolda. Amigos que saben que no trato co Eduardo está o recibir ironías e burlas desa lingua. Son anos extenuantes, un infarto, dous infartos, coloca artigos ora aquí ora aló (tamén neste xornal, onde conta da homosexualidade de Lorca), e sempre a buscar algunha canonxía que lle protexa a vellez, sempre a esixir o recoñecemento que a súa vaidade infinita precisa e que sabe que merece. Até que a danza de feridas, coquetería, vaidades, talento, desexo remata e rebenta o corazón nun hotel vigués ás dúas e media da madrugada do 30 de Santos do 1979. Só.

Abandona a pista de baile o impertinente, o arribista, petimetre, insolente. Eduardito, bailaches de carallo. Arrasaches cos teus zapatíños de charol. Bravo!

Blanco Amor e a censura infinita por Óscar Iglesias (El País, 27 marzo 2009)

"Chegou o Eduardiño, o fillo da florista, e vén feito un cabaleiro con zapatíños de puta". O célebre pregón do primeiro regreso de Blanco Amor a Ourense, en 1928, deuno un parvo. Que o fillo de Aurora Amor era homosexual sabíase na cidade desque, con 16 anos, colle o primeiro tren cara algures e remata preto da estación de Guillarei. Alí intercede ante a Garda Civil o *médico dos pobres*, Darío Álvarez Limeses, que lle dá acubillo e cartos para volver á casa.



"El ía moito pola praza de abastos", recorda o escultor Arturo Baltar, que sitúa a anécdota no derradeiro retorno do escritor, avanzados os setenta. "Un tipo parouno na alameda para dicirlle 'maricón'. Eduardo díxolle 'envexoso'. Pero desa raza só era unha pouca xente". O sexo de Blanco Amor, porén, rebule aínda despois de morto. Aconteceu, máis ou menos *sotto voce*, por entre os fastos do Día das Letras que se lle consagrou en 1993. Non era un traballo no ronsel dos estudos gais elésbicos, senón *Diante dun xuíz ausente* (Nigra), o libro de Gonzalo Allegue, ata hoxe a máis brillante aproximación biográfica -con tramos novelados- á figura de Blanco Amor. "Un sector conservador considerou que iso empequenece o autor, e a outro sector menos conservador pareceulle que o nacionalismo ficaba esvaído", resume Allegue, que traballou no libro durante sete anos.

De cómo rexeitaba Blanco Amor "a pureza e a mística do laicado galeguista" hai probas máis acedas no libro de Allegue. Tamén do que outras voces consideran un personaxe "ás veces difícil de aturar". O neno pobre que medrou enchendo xerras de auga no café La Unión, co Risco de *Preludio a toda estética futura*, escoitando á xente e lendo de prestado a Mallarmé, Rimbaud ou D'Annunzio, segue sendo difícil de abeirar. "Era libre", insiste Allegue. Na súa personalidade, neste sentido, aínda se peneiran de xeito diferencial, ás veces incómodo, algunhas das cuestións que riscan o século. Galeguismo e republicanismo, Galicia interior e exilio. E a censura, propia e allea. A respecto da propia, non hai conclusións unívocas. O Blanco Amor azañista tivo retruques con Castelao antes da provincialización das sociedades federadas do exilio. Ao apóstolo da *Galicia Nai* na América guindáronlle obxectos nun centro galego, cando intentaba falar -en galego- de Rosalía. "Quen cres que es", espetáronlle, "non somos bestas".



Tertulias Literarias

Acabou dándolles un mitin. Na polémica ulterior entre Seoane e o Celso Emilio furioso da *Viaxe ao país dos ananos*, púxose do lado do celanovés.

Sobre a censura literaria, precisa o investigador Xosé Manuel Dasilva, comisario da exposición *Editar en galego baixo a censura franquista*: "Quizais esteamos falando do autor galego máis censurado". O 19 de xuño de 1956, Xosé Ramón Fernández Oxea, Ben-Cho-Sey -inspector de Educación en Madrid-, rexistra na Vicesecretaría de Educación Popular un mecanoscrito de 38 folios "moi ben aproveitados", datado en Bos Aires un ano antes. Era *A esmorga*, co subtítulo *Crónica de tres borrachos*. A Galaxia de Piñeiro e Fernández del Riego quixo publicala desde un principio, pero sabía que non ía ser posible. É o falanxista Miguel Piernavieja del Pozo quen asina, en agosto, o informe da censura. "Devolveuno limpo", di Dasilva. Tan mal lle pareceu que non se molestou en facer borranchos. Acabouna publicando Seoane en Bos Aires (Citania, 1959). Volve intentalo Galaxia en 1969. O informe é outra vez desfavorable, esixíndose a supresión das tres pasaxes da obra onde a Garda Civil malla no Cibrán. A primeira edición galega, coas modificacións oportunas, é de 1970.

Peor lle foi a *Xente ao lonxe*. Presentada a consulta voluntaria en 1971, xa admite condena por "blasfemia y ofensa a la moral". Tras catro informes, autorizan a súa publicación en 1972, sen unha ducia de expresións sicalípticas nin as ilustracións orixinais de Isaac Díaz Pardo. Toda a narrativa de Blanco Amor pasou trafegos semellantes. *Teatro pra a xente* (1974), ten que saír sen a fantasía xudicial *Proceso en Jacobusland*. Falando da censura propia, Díaz Pardo, un dos mellores amigos do ourensán, remarca a conduta "sempre leal" do que foi vicecónsul da República en Bos Aires. E desculpa a frialdade de Carvalho Calero na súa *História da literatura galega contemporánea*. "De Neira Vilas tamén preguntaba cómo é que un neno labrego podía facer unhas memorias", bromea o cofundador de Do Castro. "Pero para a xente nova, daquela, era importante a opinión de Calero", lamenta Carlos Laíño, en posesión de todas as traducións de Blanco Amor -castelán, italiano, bable e ruso, ademais da recente versión en francés-. "Díciáo o mesmo Eduardo: *Xente ao lonxe* terédela que salvar os novos. Os vellos xa se pronunciaron".



Para Luís Pérez, autor dunha ducia de traballos sobre o autor e prologuista de *Ars Amandi*, a compilación da poesía erótica inédita -na edición de Galaxia e do Pen Club de 2007-, urxe publicar o epistolario e compilar o xornalismo de Blanco Amor, vía única para coñecer o seu traballo na emigración. "Tamén descoñecemos a obra en castelán de Seoane", di, crítico co limbo que iguala ao Blanco Amor de *Los miedos* co xornalista de *La Nación*. Na Biblioteca Blanco Amor de Galaxia xa é posible atopar as crónicas de *Chile a la vista*.

Desde Barcelona opina Ángel Chamarro, a quen Blanco Amor adica os *Poemas del Ángel*. Fala do suposto vedetismo do Eduardo retornado, azougado polos problemas económicos: "Eu vin cómo desaparecían moitos amigos seus". Para Maribel Outeiriño, autora da famosa entrevista de 1979 onde Blanco Amor se sitúa "antes do comunismo e antes do separatismo", "os que máis agarimaron ao Blanco Amor crepuscular" foron "os outros". "Victorino Núñez, Carlos Casares, *La Región*...". Nin Rosón nin García-Sabell, daquela presidente da Academia, acabaron indo ao enterro.

O roteiro da Esmorga debeuse á iniciativa civil do historiador Marcos Valcárcel. As homenaxes deste 2009 en *Auria* semellan tamén partidas. O 3 de abril, o Pen Club celebrará os 50 anos do libro. Apoia a Deputación de Ourense, a mesma institución que o suspendeu de emprego e soldo en 1917, cando traballaba de porteiro na Inspección de Primeira Ensinanza. Por parte do Concello de Ourense, o *Ano Blanco Amor* que anunciara a Tenencia de Alcaldía comezará, disque, no último trimestre do ano.

GRUPO A



A narrativa de Eduardo Blanco Amor Xente ao lonxe

A última novela de Blanco Amor é *Xente ao lonxe* (1972), obra que, como xa se indicou, supón unha evocación da Auria de comezos de século, mais dun punto de vista moito máis politizado e reivindicativo. Non é a visión dun neno-adolescente de clase acomodada e educación burguesa, como en *La catedral y el niño* ou *Los miedos*, mais a dun fillo dun tipógrafo que vai descubrindo a realidade social e a loita de clases e, paralelamente, os seus propios sentimentos, os seus conflitos familiares, o seu enfrontamento coa sexualidade e o amor.

Baseada, parcialmente, en feitos históricos, como a masacre de campesinos no mosteiro de Oseira en 1909 ou as primeiras folgas coincidentes cos inicios do socialismo en Ourense, *Xente ao lonxe* é un amplo e poderoso friso no que a multitude de personaxes - máis de douscentos cincuenta -, algúns moi presentes ao longo de toda a novela, outros apenas albiscados, dan vida con extraordinaria intensidade a ese mundo recuperado, xa para sempre, da memoria poética dun gran novelista.



Do punto de vista da escrita, *Xente ao lonxe* foi un extraordinario exercicio de estilo, un esforzo inxente por fixar literariamente a lingua galega - xamais se escribira unha novela de tal magnitude no noso idioma -, cuxo resultado foi unha obra de indiscutíbel categoría literaria. O propio Blanco Amor di sobre ela:

"É unha novela de cidade, de xentes, problemas e vivenzas da cidade, como decote vén socedendo na nosa narrativa nova, no seu intento xeneracional de resgatar a "fala" do seu longo - cinco séculos - aposentamento nos beizos e nos usos dos labregos, mariñeiros e artesáns (e tamén no linguaxe "de coña" dos vilegos señoritos ou aseñoritados) e ir facendo dela un "idioma" culto e "artístico" sin que deixe de ser "natural" e sin que caia nunha sorte de koiné especiosa, artificiosa e minoritaria que era un dos camiños perigosos que chegou a ficar."

Blanco Amor creou personaxes de carne e óso, coas súas miserias, as súas vulgaridades e tamén coas súas facultades para o sacrificio, os seus soños, as súas bondades ou os seus sentimentos de nobreza. Son xentes que viven as súas propias vidas, entendido ese vivir como algo persoal, máis, a un tempo, están mergulladas no devir histórico dunha época e dun país. É evidente que o novelista ten unha visión crítica da Historia e que escribiu a súa obra dende unha perspectiva progresista. Non xorde, porén, xamais o panfleto das páxinas da novela. E isto non só pola notoria categoría literaria da novela como pola carga de humanidade e verdade que nela latexa.

É interesante salientar as citas que presiden as diversas partes da novela, principiando pola do "Prólogo útil", do ensaísta e pintor húngaro Laszlo Moholy-Nagy a propósito do grande arquitecto Gropius "... e reintegróu aos artistas á xeira cotián da nación", que o novelista toma para si propio, pois indican algunhas das personalidades e actitudes literarias, artísticas e intelectuais que foron importantes para Blanco Amor na época de escrita da súa novela. As citas pertencen a Thomas Carlyle (*O culto dos heroes*), Albert Camus (*O revés e o dereito*), François Mauriac (non se di a procedencia mais a cita cadra a *Xente ao lonxe* e ao seu autor: "Ningún drama pode comenazar a existir no meu espírito si non o sitio nos logares onde vivín..."), Emanuel Kant - sobre a dignidade do home - e Marcel Proust - sobre a realidade. Ningunha das citas nin dos autores están de maneira gratuita ou superficial senón que constitúen, fundamentalmente, unha verdadeira declaración de intencións.

A novela, contada en primeira persoa pero por varios narradores, divídese en catro partes. As dúas primeiras foron escritas entre 1966 e 1967 e as dúas últimas entre 1968 e 1970. A primeira, con nove capítulos, é a máis ampla e tamén a máis variada canto a personaxes e situacións. Nela destaca o mundo da infancia a través dun neno, Suso; a segunda, con seis capítulos, céntrase xa nas peripecias do personaxe protagonista na escola, nos problemas educativos, a relixión e o sexo a través do propio corpo; a terceira, de cinco capítulos, supón a toma de conciencia social do rapaz, coa impresionante secuencia da brutal represión política; finalmente a cuarta parte, a máis breve, consta soamente de tres capítulos e nela Suso, que ten xa dezasete anos, enfróntase aos problemas da vida - o traballo e as súas



reinvidicaci3ns sociais no 1º de maio, o coñecemento do sexo feminino, a soidade e as súas propias aspiraci3ns como ser humano - ficando abertos boa parte dos conflitos levantados ao longo da obra. A novela remata cunha carta, inconclusa, de Evanxelina ou Vanxe, irm3 de Suso e figura moi importante da novela, a unha amiga súa na que conta a situaci3n na que se achan alg3ns dos principais personaxes da narraci3n.

Xente ao lonxe 3 unha novela de rexistros intimistas e, ao mesmo tempo, barrocos, unha narraci3n l3rica e 3pica, que fala para o coraz3n e para a cabeza, unha obra literaria que reflicte, con singular acerto, as vicisitudes pol3ticas e sociais, a historia e os conflitos profundos dunha terra, Galicia, e todo cunha linguaxe de extraordinaria categor3a e alento novelesco e po3tico.

No corenta aniversario de Xente ao lonxe

Por Manuel Rodr3guez Alonso

O ano 1972, hai agora corenta anos, publicouse a primeira edici3n de *Xente ao lonxe*. Como a3nda eran tempos de vixencia da censura franquista, a novela sufriu os rigores da censura. A súa versi3n 3ntegra ser3 a da segunda edici3n de 1976. Mais a data de publicaci3n 3 de 1972 e, malia a censura, desde esta data *Xente ao lonxe* 3 un dos textos can3nicos da narrativa galega de todos os tempos e como tal aparece citada e estudada no tomo III que o *Diccionario da Literatura Galega* de Galaxia dedica 3s que considera obras can3nicas da literatura galega. Deixando 3 parte os problemas coa censura, a novela presenta unha curiosa historia, que parece oportuno lembrar neste corenta aniversario.

En 1970 o Centro Galego de Buenos Aires convocou o *Premio Galicia de novela*, que estaba dotado con 200 000 pesetas, daquela unha cantidade importante. Segundo relata a investigadora Victoria A. Ruiz de Ojeda en *Entrevistas con Blanco Amor* a este premio concorreron doce novelas, entre elas *Xente ao lonxe*. Outras novelas que acudiron ao certame foron *O silencio redimido* (de Silvio Santiago), *O mes3n do birollo* (de Fariña Jamardo) e a que resultou ga3nadora, *Adi3s, Mar3a*, de Xohana Torres. O xurado estaba formado polo presidente da RAG (Sebasti3n Mart3nez Risco), Freyre de Andrade, Leandro Carr3 Alvarellos (ambos os dous propostos pola RAG), Xos3 Mar3a 3lvarez Bl3zquez (proposto por editorial Castrelos) e mais por Isidoro Millan (a proposta da editorial Galaxia).

Un informe sobre a novela de Blanco Amor, hoxe na RAG, ao parecer obra do membro do xurado Carr3 Alvarellos, di que a novela de Blanco Amor 3 "*un relato f3rido, esfalzado; unha godalleirada, que por respecto aos lectores non consideramos axeitado pra sere acetado neste Certame.*"



O autor se sentiu moi molesto coa elecci3n da novela premiada: "*Los mismos acad3micos que me hab3an votado por unanimidad para ocupar un sill3n en la Real Academia Gallega la rechazaron de plano, la novela, porque era una novela procaz, es decir una novela mal hablada*" (Ru3z de Ojeda, p3x. 118).

Blanco Amor sentiuse perseguido e declara sobre o asunto, no devandito libro: "*No, no fue finalista. Ni siquiera la consideraron. Envi3 cinco ejemplares, dos de ellos pegados, y me los devolvieron en las mismas condiciones. Cre3an que algunas cosas eran obscenas. Pero yo no las hab3a escrito para las Hijas de Mar3a.*" (Ru3z de Ojeda, p3x. 142).

Gonzalo Allegue na súa biograf3a de Blanco Amor (*Eduardo Blanco Amor (biograf3a). Diante dun xuz3 ausente*) volve dar datos sobre esta novela. Considera que a obra foi rexeitada por motivos ideol3xicos, como a linguaxe dura, o tratamento de temas como o aborto ou a defensa que se fac3a da homosexualidade. Consideraba que o conservadorismo do xurado non permitir3a estes temas.

A novela non ten moita sorte nas historias da literatura oficiais. Se Carballo Calero non a valora, o mesmo acontece coa moi espallada agora (posto que 3 recomendada nalgunhas facultades de filolox3a) *Literatura galega. Aportaci3ns a unha historia cr3tica*, de A. Tarr3 Varela. Paradoxalmente nesta obra sobre a literatura galega ded3case m3is espazo a



Tertulias Literarias

estudar obras en castelán de Blanco Amor como *La catedral y el niño* ou *Los miedos*. O autor desta suposta historia da literatura despacha *Xente ao lonxe* en apenas unha ducia de liñas e ata di que son básicamente as memorias do neno Suso que nos fala dos seus pequenos problemas e do descubrimento que vai facendo do mundo, da sociedade, do sexo, da súa propia familia, etc. (Páx. 342). A min dáme a sensación que este suposto historiador da literatura galega nin leu *Xente ao lonxe*.

Con todo, *Xente ao lonxe* é valorada acaidamente no *Diccionario da literatura galega* de Galaxia, ao ser estudada, como xa indicamos, entre as obras canónicas da historia da literatura galega.

A novela comeza cun Prólogo útil onde Blanco Amor explica os principios en que se basea a escrita desta novela. Nel di Blanco Amor que a novela xorde da mestura de experiencias vividas polo autor, mais recreadas e enriquecidas pola imaxinación, de tal xeito que se combinan o vivido e mais o soñado. Sinala así mesmo que quere ofrecerlle ao lector unha visión e unha interpretación de Galicia, que se apartará do ruralismo e mais do costumismo, pero sen perder o seu carácter popular. Veremos que a Galicia que nos ofrece Blanco Amor é a da Galicia urbana, progresista, sindicalista e obreira dos comezos do século XX. Iso quedaba moi lonxe, tanto das propostas de Piñeiro, representadas por Fole e por Cunqueiro, mais tamén das do cosmopolitismo de moitas novelas da Nova narrativa. Non rexeita a innovación técnica, que considera necesaria, mais non como simple mimetismo, como ás veces parece acontecer na Nova narrativa.

Por outra banda, a novela ha de ser unha obra de linguaxe, onde o autor acade un galego natural, co que a xente se sinta identificado, mais este galego é produto dunha elaboración artística. Parecerá un galego coloquial e espontáneo, mais detrás del hai unha consciente e sostida reelaboración lingüística. Escribe non para un público patriótico, que considera a obra boa só polo feito de estar escrita en galego. Engade que no momento actual non hai un verdadeiro público que xulgue a novela galega, pois seguimos a depender en exceso duns receptores patrióticos.



Sobre os temas considerados escabrosos, engade que a súa novela pretende salientar a importancia do sexo na formación e mais na vida das persoas, que non debe ser delito. Sinala que se propón presentar o devir persoal dos personaxes, mais tamén o histórico e social, pois hai un tempo persoal e mais un tempo histórico. As persoas fórmanse individualmente, mais tamén en sociedade e en solidariedade, resultando neste aspecto fundamental para a formación desa conciencia social e solidaria en Galicia o agrarismo do primeiro terzo do século XX. Desbota así mesmo a estrutura argumental da novela tradicional e di que na súa novela pretende captar momentos da vida das xentes e que sexa o lector quen recompoña eses momentos, do mesmo xeito que se fai nunha montaxe cinematográfica.

En canto á lingua decide presentar un galego coloquial máis de reelaboración artística e que fuxa da lingua xogofloresca. Non é, xa que logo, esa lingua do relato unha copia magnetofónica da linguaxe oral espontánea, senón unha reelaboración artística desa lingua que produce no lector unha sensación de naturalidade, pero detrás da que hai un esforzado proceso de elaboración artística. Di que para iso se inspirou, aínda que el non é falante inicial en galego, no galego dos 400 000 emigrantes que había na Arxentina e que lle serveron para conseguir un galego supradialectal.

Como remate subliña que non pretende coa súa novela construír un documento, senón unha recreación dunha determinada sociedade en certo momento histórico.

Blanco Amor escribe unha novela de 300 páxinas (daquela as novelas galegas eran breves e esta extensión da novela é un dos seus primeiros logros) articulada en catro partes e onde, cuantitativamente, se impón un narrador en primeira persoa, Suso, que dentro da estrutura da novela de aprendizaxe conta o seu proceso de formación, tanto individual como social, nunha época que el sitúa entre 1909 e 1916: *“Es una reconstrucción conjetural de la vida de un pueblo, de una ciudad gallega, entre 1909 y 1916”*, como lle sinala o autor a Ruiz de Ojeda no citado libro de Entrevistas. Mais a



Tertulias Literarias

perspectiva de Suso (que lembra, xa adulto, a súa vida de neno e mociño, ata os dezaioito anos) enriquecese con outras perspectivas como relatos en primeira persoa doutros personaxes como a irmá de Suso, textos cun narrador en terceira persoa e mesmo textos puramente dialogados ou cartas.

A interpretación urbana e progresista de Galicia como unha sociedade onde o laicismo ou o socialismo teñen unha importancia decisivas, a relevancia das personaxes femininas como Evanxelina (que se converte en líder política e sindical, mentres o irmán queda no ámbito da privacidade), o tratamento de temas como a homosexualidade, o dereito da muller a dispor igual ca os homes do seu corpo ou mesmo de situar a cuestión do aborto no ámbito privado da conciencia da muller por non falar da presenza do homosexualismo sen ningún tipo de descualificación fan desta novela unha obra fundamental da literatura galega contemporánea. Cómpre relela neste corenta aniversario da súa publicación.

Fontes:

http://elpais.com/diario/2009/03/27/galicia/1238152704_850215.html

<http://bouvard.blogaliza.org/2012/03/24/no-corenta-aniversario-de-xente-ao-lonxe/>

http://elpais.com/diario/2009/11/06/galicia/1257506306_850215.html

Proxecto Galicia : literatura. – Editorial Everest. 2000 (tomo XXXIV, páx. 70-72)

Historia da literatura galega. – ASPG, 1996 (tomo IV, páx. 1177-79)

Biblioteca Central Rialeda
Avenida Rosalía de Castro 227 A
15172 – Perillo (Oleiros)
Tfno.: 981 639 511
Fax: 981 639 996

Email: biblioteca.rialeda@oleiros.org

Blog: <http://bibliotecasoleiros.blogspot.com/>

GRUPO A